Nº 2283

CONTO DE GUERRA

CAMILO DIAZ BALIÑO

F.4447

R44763

CAMILO DÍAZ BALIÑO

CONTO DE GUERRA

1928

NÓS, PUBRICACIÓNS GALEGAS E IMPRENTA, REAL, 36-1.° A CRUÑA

Prezo 2 pesetas.

Ás Escolas da Irmandade da Fala – novo lar
onde arde o lume sagro da Raza.
A Anxel Casal, meu irmau ben querido,
loitador qué alcende os cororous dos rapaci-
ños das escolas irmandiñas

Ramiro Díz Babiño

Nadal de 1927

PRA ELES

Eu tiña feita unha promesa, un voto
Eu tiña que dicir algo *pra os rapaces*
Pra os meus rapaces
Os meus rapaces, son todol-os nenos
Eu quixera ser sempre neno, porque así o meu corazóu estaría sán, non tería delores, nin bulras nin xeureiras
Eu fago canto podo por conservalo sán, e non podo
Os outros, os que non son nenos, fan por ferirmo, e fírenmo; moitas veces... moitas.
Mais eu arredome canto podo, de eles, e vou sempre xunto ôs nenos, ós nosos nenos.
Onte fun en pelerinaxe á velos, vou moitas veces, sempre que podo.

Eu sinto a maior ledicia da miña vida en ouvir rezar o noso *ôs nosos filliños.*
Os nosos rapaces, son fermosos, son xurdios.
Serán homes co tempo, homes sáns, *de corazón limpo, iguaes ôs meus irmáns de loita*
Eu tiña unha debida co iles
Unha debida de amor.
Hoxe pago a debida.

PRA OS OUTROS

É pra eles *o* conto *que fixen*
É pra eles *¡fixádevos ben! non é pra vos* monifates! *que nunca de nenos tivechedes alma, nin de homes tampouco.*

CONTO DE GUERRA

Ô redor da lareira do vello pazo de San Fiz i-a carón do lume, nas noites d'invernía, meu abóo Xohan Ramón contábanos contos de loitas, contos de guerras, lembranzas da francesada, que tío Lourenzo, que fora cadete dos Reales Exercitos nos seus tempos mozos, e logo mandara unha *Alarma*, contáralle a él, cando el era como nós, no mesmo sitio ô redor

d'aquel lar que era pol-a tradizón da casa, o altar onde nos moldeaban o corazón ôs da miña caste.

Hoxe no pazo de San Fiz xa non arde o lume na lareira nin queda d'él mais que os meus recordos. Non hai d'él pedra sobre pedra. O desleigamento dos uns e a ruindade dos outros, desfixeron o pazo e co pazo a *ara*.

Un d'aqueles contos eran do tempo da francesada.

Os exércitos ingreses retirábanse pra embarcar pol-a Cruña. Era unha retirada tráxica... de morte.

As nosas *Alarmas* axudábanlles á se salvar.

A do tío Lourenzo saíu pra protexer as derradeiras forzas onde viñan os doentes e os feridos.

N'un istantiño, o exército gabacho chegou perto d'eles.

Alí non quedaban xa pra loitar mais que uns cantos homes da nosa *Alarma;* entón, á presa, de calquer xeito rubiron ôs feridos á un castro que d'alí á pouco estaba. Entre aqueles héroes houbo un que non puido chegar. A morte tíñalle espetadas xa as suas poutas; era un alférez galés que morría de dôr e de saudade.

O tío Lourenzo ficou â sua beira, non podía deixar esquencido a aquel home que era un irmán de loita, e de raza; que viñera axudarnos e morría por nós.

O abóo Xohan Ramón cando nos decía que a *Saudade* era *todo,* na nosa raza, contábanos sempre este conto...

e decía...

ERGUEME un pouco, irmán, que vexa aló o confín, deixa que vexa o mar, o mar da miña arela, ese mar desexado que está xa perto, pertiño, que bica a miña terra!»

Iba xa erguel-o un pouquichiño para que vira o que tanto degoiraba, e outra vez a metralla nemiga bateu contra o cómaro que de trincheira nos servía. Os petoutos e a terra voltaron á nos cubrir cuasemente.

O sangue do galés xa empapaba a sua guerreira e os dourados embremas non relocían xa. Eu vía que a vida íase d'aquel corpo; teño pra mín que solamentres a grande e forte arela da Matria lonxana sostiña o seu alentar.

E seguía tronando a terra; os laios de delor arrodeabánnos, e mais arripio facían nos meus azos, que as fungadoras balas que súpetas pasaban riba de nós.

—«Mira tí, irman, veñen xa? —Señor, meu Deus, permítelles que cheguen que nos salven! Non ves meu Deus que xa non podo! Que nin fusil nin espada xa me quedan! Déixame bicar ôs meus. Unha vez soiamente! e morrerei en paz. —Mira, irman, mira outra vez. - Pol-o teu Deus cho prego!»

Eu xa non podía mais, no chan vía unha poza onde o meu sangue confundíase co sangue do galés. Mais non quero que o meu irman de *morte* morra sen cumprir o seu desexo derradeiro, e n'un supremo esforzo conquiro erguel-o seu corpo xa cuase sin vida.

Abríronse os seus ollos azúes, abríronse moito, parescían os ollos d'un xigante, miraba con ledicia... era xa o derradeiro ollar..., e outra bala, outra ruín e malfadada bala veu á ferir de novo o seu maltreito peito.

«Eu morro irman, eu morro; xa vexo lonxe, como nun-



ca a miña terra, xa o cheiro bendito do mar non chega a min».

Perdín as forzas e os dous rolamos pra o fondo d'aquela corredoira. Vin morrer o galés. Ainda parez que trona nos meus ouvidos con mais forza que os cañóns do maldecido gabacho a sua maldición:

«Malia tí, ladrón da miña vida!

Malia tí que me fas morrer en terra allea, sin ter ô meu carón os meus filliños, a miña mulleriña, a miña Santa vella!

Que o Deus que ch'ampara non che dê mais ben que o mal que trai a guerra! »

PIDA A "NÓS" AS OBRAS SEGUINTES:

Lesta Meis (Xosé) - **Estebo**	3'50 pesetas.
Villar Ponte (Ramón) - **Historia Sintética de Galicia**	5'00 «
Prada (Xaime) - **Grabados en Linoleum**	2'50 «
Porto Rey (Francisco) - **A Tola de Sobrán**	0'80 «
Villar Ponte (Antón) - **Tríptico Teatral**	3'00 «
Dieste (Rafael) - **A Fiestra Valdeira**	2'50 «
Villar Ponte (Ramón) - **Doctrina Nazonalista**	2'50 «
Otero Pedrayo (Ramón) - **Os Camiños da Vida** (novela en tres partes)	
1.ª parte - **Os Señores da Terra**	2'50 «
2.ª « - **A Maorazga**	2'00 «
3.ª « - **O Estudante**	2'50 «
Manuel Antonio - **De Catro a Catro**	1'50 «
Díaz (Camilo) - **Conto de Guerra**	2'00 «

F_4447
Biblioteca